IES David Buján
Cambre

IES DAVID BUJÁN
Camiño dos Cacharros,1, 15181,
Cambre (A Coruña) ☎ 881 961 200
✉ ies.david.bujan@edu.xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

IES DAVID BUJÁN.

Con motivo da publicación da orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, é necesario modificar os criterios de cualificación necesarios para supera a materia de Física e Química nos cursos da ESO.

As modificacións introducidas recóllense a continuación:

FÍSICA E QUÍMICA DE 2º ESO

Criterios de cualificación

Segundo indica a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais e unha avaliación final.

En cada unha das tres avaliacións parciais a nota calcularase do seguinte xeito:

● **80%** ás probas escritas, cuxo valor resultará de facer a media ponderada tendo en conta o número de unidades didácticas que se avalíen en cada proba durante o trimestre.

● **20%** ás cualificacións de clase, as prácticas de laboratorio e outras tarefas ou traballos propostos.

En cada avaliación, a media ponderada resultante debe ser 5 como mínimo para que o alumno sexa declarado apto. Ao ser unha materia de contidos que non son necesariamente progresivos, a nota de cada avaliación será independente da anterior.

Ao finalizar a terceira avaliación, a nota calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións.

● O alumnado que non obteña un mínimo de 5, realizará un exame de recuperación para poder aprobar a materia na avaliación final. Esta proba poderá recuperar os contidos dunha avaliación ou ben os contidos de todo o curso e será realizada antes do 22 de xuño de 2023.

● O alumnado que teña unha nota igual ou maior a 5 tamén poderá presentarse a unha proba final cos contidos de toda a materia para mellorar a súa nota.

PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE 2º ESO

Criterios de cualificación

A cualificación que os alumnos obteñen en cada avaliación ven dada pola suma de:

- **40%** traballo e diario de aula.
- **60%** traballos e/ou exames.

En cada avaliación, a media ponderada resultante debe ser 5 como mínimo para que o alumno sexa declarado apto. Ao ser unha materia de contidos que non son necesariamente progresivos, a nota de cada avaliación será independente da anterior.

Ao finalizar a terceira avaliación, a nota calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións.

● O alumnado que non obteña un mínimo de 5, realizará un exame de recuperación para poder aprobar a materia na avaliación final. Esta proba poderá recuperar os contidos dunha avaliación ou ben os contidos de todo o curso e será realizada antes do 22 de xuño de 2023.

● O alumnado que teña unha nota igual ou maior a 5 tamén poderá presentarse a unha proba final cos contidos de toda a materia para mellorar a súa nota.

FÍSICA E QUÍMICA DE 3º ESO

Debido á entrada en vigor da Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, este curso académico 2022-2023 modifícanse o currículo da materia de Física e Química de 3º de ESO, e a programación desta materia está elaborada e recollida dentro da nova ferramenta corporativa Proens.

FÍSICA E QUÍMICA DE 4º ESO

Criterios de cualificación

Segundo indica a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais e unha avaliación final.

En cada unha das tres avaliacións parciais a nota calcularase do seguinte xeito:

● **80%** ás probas escritas, cuxo valor resultará de facer a media ponderada tendo en conta o número de unidades didácticas que se avalíen en cada proba durante o trimestre.

● **20%** ás cualificacións de clase, as prácticas de laboratorio e outras tarefas ou traballos propostos.

En cada avaliación, a media ponderada resultante debe ser 5 como mínimo para que o alumno sexa declarado apto.

Ao finalizar tanto a parte de Química como a de Física, o alumnado realizará un exame global. O **global de Química** terá lugar unha vez iniciada a segunda avaliación, e sería o que contase como exame de avaliación nese trimestre. O **global Física** de farase ao final de curso e é o que conta como exame da terceira avaliación.

Ao finalizar a terceira avaliación calcularase a nota mediante a media aritmética da nota obtida no bloque de Química e no bloque de Física.

● O alumnado que non obteña un mínimo de 5, realizará un exame de recuperación para poder aprobar a materia na avaliación final. Esta proba poderá recuperar os contidos dunha avaliación ou ben os contidos de todo o curso e será realizada antes do 22 de xuño de 2023.

● O alumnado que teña unha nota igual ou maior a 5 tamén poderá presentarse a unha proba final cos contidos de toda a materia para mellorar a súa nota.